1- Páxinas web de xogos online:
British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

A páxina Oxford Online Learning Zone

Páxina web da editorial (Oxford Online Learning Zone) que contén:

¿ Material interactivo que os alumnos utilizarán en clase ou na casa

¿ Material adicional de práctica que os alumnos poden utilizar online, para traballar solos ou cos seus compañeiros, na casa ou na escola. O citado material inclúe versións interactivas das cancións e as historias, así como actividades de práctica adicional de vocabulario e gramática, webquests e xogos actuais e entretidos.

A páxina Oxford Premium

É un espazo, optimizado para PC e tablet, pensado para o profesorado e con acceso exclusivo a todos os soportes didácticos. Contén as seguintes seccións:

¿ A miña biblioteca Oxford con todo o contido dos libros en formato dixital.

¿ Contidos extras con actividades e ideas para as clases e últimas ferramentas TIC.

¿ Sempre ao día con actualidade e información educativa e programas de formación de Oxford.

2- . Class book e activity book. All About Us Now 5. Editorial Oxford.

4- JCLIC.

6- O alumnado conta cun miniportatil e con a internet..

7- Os do libro de texto.

8- As do libro de texto.

9. Colgaranse materiais e recursos así como tarefas a relizar ou enviar.

10- TEACHER 'S RESOURCE CD-ROM que contén:

¿ Fichas de reforzo por unidade

¿ Fichas de ampliación por unidade

¿ Fichas relativas ás festividades

¿ Fichas das historias

¿ Introducción á avaliación, o portfolio e as competencias clave

¿ Táboas de avaliación

¿ Completo paquete de tests en niveis standard e challenge

¿ Respostas completas e textos das gravacións dos tests

¿ Equipo do portfolio e certificado do curso

¿ Fichas das competencias clave

¿ Gravación de todas as cancións, historias e actividades de comprensión oral

11- TEACHER 'S RESOURCE PACK que contén:

Flashcards

¿ Flashcards para presentar o vocabulario clave das unidades

Wordcards

¿ Wordcards do vocabulario clave das unidades Tarxetas contextuais

Pósteres

iPack

Material de presentación e práctica para lousas e proxectores

¿ Historias (con animación)

¿ Cancións e chants

¿ Material de audio

¿ Pósteres e flashcards.

¿ Exercicios do activity book

12- GUÍA DIDÁCTICA que contén:

¿ Unha sección introdutoria que describe a metodoloxía e o concepto no que se basea o curso

¿ Un percorrido pola unidade con anotacións

¿ Notas didácticas concisas e claras para cada lección

¿ Notas didácticas para as leccións do dvd

¿ Ideas de reforzo e ampliación

¿ Comentarios culturais

¿ Referencias ás competencias clave

¿ Respostas completas das actividades do activity book e das fichas de reforzo e ampliación

¿ Guion de gravación para cada unidade

¿ Un banco de ideas con xogos, actividades e suxestións para explotar os recursos adicionais (flashcards, pósteres, etc.) En maior medida

¿ Unha descrición completa dos contidos que inclúe obxectivos

¿ Unha lista de flashcards e wordcards

¿ Unha lista do vocabulario e da linguaxe de clase

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

NECESIDADE DA AVALIACIÓN INICIAL:

O proceso de ensino e da aprendizaxe de alumnos e alumnas diríxese cara ao logro dunha serie de obxectivos valiosos, o que implica partir dun "estado inicial" (que debe coñecerse) sobre o que se irán operando os cambios producidos polo ensino e a aprendizaxe.

O coñecemento dos niveis, características e necesidades dos alumnos permitirannos tomar unha serie de decisións relativas a:

- Planificar e programar as actividades docentes.
- Adoptar medidas de atención á diversidade na aula.
- Metodoloxías a empregar.

¿QUE ASPECTOS INTERESA AVALIAR?

O proceso de avaliación inicial esixe que se atenda máis aos posibles recursos e capacidades de alumnas e alumnos que ás posibles deficiencias que presenten, aínda que sen esquecer estas. Parece ser máis produtivo analizar as expectativas e intereses, as potencialidades que posúen alumnas e alumnos co fin de proporcionarlles unha educación adaptada a eles que simplemente "constatar o baixo nivel que posúen".

Dende este suposto o primeiro que convén explorar e coñecer son as actitudes de alumnas e alumnos fronte á área, e en xeral aos grandes temas que poden tratarse dende un punto de vista disciplinar. O coñecemento destas actitudes proporcionará datos valiosos para organizar unhas actividades que fomenten a "motivación por aprender".

En segundo lugar, interesa coñecer as capacidades de alumnas e alumnos en relación aos procedementos. Interesará coñecer o desenvolvemento de capacidades xerais (lectura, escritura, identificación, análise, ...) xa que teñen unha influencia en todas as áreas. Ademais, debe tratar de coñecerse o grao de dominio dos procedementos básicos da materia que caben ser considerados como pre requisitos na área; isto permitirá iniciar algúns medidas de reforzo en caso necesario. En terceiro lugar, convén tratar de explorar alumnas e alumnos nos procedementos centrais da área, aínda que só sexa a xeito de anticipación respecto ao que será o traballo na Área ao longo do curso.

Ademais, convén indagar acerca dos graos de dominio en relación aos conceptos. Neste caso interesa observar non só a adquisición ou non de determinados conceptos relacionados coa Área, senón os procesos seguidos por alumnos e alumnas que lles levaron a concepcións erróneas..

¿Como avaliar os diferentes aspectos?

Pode empregarse unha ampla gama de instrumentos nesta avaliación inicial, sobre todo de tipo cualitativo, pero o obxectivo que debe guiar a súa selección e utilización é que nos permita coñecer algo das posibilidades e recursos de alumnos e alumnas. Non debe tratarse cunha actitude clasificatoria, aínda que se debe e pode servir para detectar pronto problemas e dificultades de aprendizaxe nalgunhas alumnas e alumnos.

En primeiro lugar debe considerarse que a avaliación de alumnas e alumnos é un proceso encomendado ao equipo docente de modo colectivo. Isto permitirá un intercambio de informacións e opinións que poderán facilitar un ensino baseado nas necesidades e características de alumnos e alumnas.

En relación co aspecto anterior, é importante revisar o expediente, é dicir, a información acumulada sobre o alumno ao longo do seu escolarización no centro. Aínda que esta información histórica pode, en algúns casos incitar á sobrevaloración e noutros a unha subvaloración do alumno, polo que é importante coñecer estes riscos de nesgo.

Os instrumentos para recoller a información relevante para a avaliación inicial baseáense tamén en probas escritas. Este tipo de probas pode ser adecuada para determinados procedementos e algúns contidos conceptuais e entre as súas vantaxes destaca que se dispón dun material escrito, individualizado e sempre revisable, aínda que ten a desvantaxe de que supón un grande esforzo para a súa corrección.

INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL

- As actividades da primeira unidade do curso "Hello".

- Tests de diagnóstico.

- Os últimos Tests Trimestrais do nivel standard.

- O Test de fin de curso do nivel standard do ano anterior.

- Como complemento á proba escrita pódese traballar a observación dos alumnos e a súa anotación nun rexistro o que nos dará información individualizada.

¿CANDO REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL?:

O momento máis adecuado para realizala é a comezo de curso xa que pode facilitar pautas para a adaptación do proxecto curricular ás características e necesidades de alumnas e alumnos. Normalmente, levarase a cabo durante a unidade de introdución ("Hello").

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	15	15	15	15	100
Proba escrita	35	45	40	35	40	30	50	40
Táboa de indicadores	65	55	60	65	60	70	50	60

Criterios de cualificación:

1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación son os que a continuación se relacionan:

1. THE FOUR SKILLS. Os exames de cada unidade que avaliarán as catro destrezas lingüísticas terán un peso do 80% na nota da avaliación (8 puntos).

2. PERFORMANCE (cancións, rimas, lecturas, dramatizacións, outros tests, etc.). Son os aspectos lúdicos, culturais e interdisciplinarios e tests complementarios e terán un peso do 20% na nota da avaliación (2 puntos).

2. CRITERIOS DE PROMOCIÓN. MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos exixibles para obter unha cualificación positiva na área de Lingua Inglesa serán os seguintes:

2.1. COMPRENSIÓN ORAL

1. Identifica oralmente o vocabulario da unidade, así como o que se repasa de cursos e/ou unidades anteriores.

2. Identifica oralmente as estruturas traballadas na unidade, así como as que se repasan de cursos e/ou unidades anteriores.

3. Comprende globalmente, extrae a información máis relevante e algunha información específica de textos orais, emitidos polo profesor ou por medios mecánicos, en diferentes situacións de comunicación.

4. Entende o vocabulario e as estruturas necesarias para seguir as instrucións relativas ás actividades cotiás da aula e mostra a súa comprensión mediante respostas tanto verbais como non verbais.

2.2. COMPRENSIÓN ESCRITA

5. Identifica a forma escrita do vocabulario da unidade, así como do que se repasa de cursos e/ou unidades anteriores.

6. Identifica por escrito as estruturas traballadas na unidade, así como as que se repasan de cursos e/ou unidades anteriores.

7. Comprende globalmente e extrae a información máis relevante de textos escritos a partir de vocabulario, estruturas lingüísticas e modelos previamente traballados.

8. Entende o vocabulario e as estruturas necesarias para seguir as instrucións relativas ás actividades cotiás da aula e mostra a súa comprensión mediante respostas tanto verbais como non verbais.

2.3. EXPRESIÓN ORAL

9. Reproduce oralmente o vocabulario da unidade, así como o que se repasa de cursos e/ou unidades anteriores, dun xeito claro, preciso e facendo bo uso do volume, pronuncia e acento.

10. Reproduce oralmente, con fluidez, as estruturas traballadas na unidade, así como as que se repasan de cursos e/ou unidades anteriores, dun xeito claro, preciso e facendo bo uso do volume, pronuncia, ritmo, entoación e acento.

11. Participa oralmente, en interaccións orais, dirixidas e realizadas cara a cara, esforzándose por pronunciar con claridade e corrección, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e vacilacións e sexa necesaria una pequena axuda por parte do mestre.

12. Mostra interese por usar o inglés como instrumento para interactuar na aula, tanto co profesor coma cos seus compañeiros, aínda que sexa coa axuda da L1 ou de técnicas non verbais (p. e. xestos).

13. Le en voz alta o vocabulario traballado na unidade, así como o que se repasa de cursos e/ou unidades anteriores, de xeito medianamente comprensible, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes os titubeos e sexa necesaria una pequena axuda por parte do mestre.

14. Le en voz alta as estruturas traballadas na unidade, así como as que se repasan de cursos e/ou unidades anteriores, de xeito medianamente comprensible, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e vacilacións e sexa necesaria una pequena axuda por parte do mestre.

2.4. EXPRESIÓN ESCRITA

15. Reproduce por escrito o vocabulario da unidade, así como o que se repasa de cursos e/ou unidades anteriores, con axudas verbais e non verbais.

16. Reproduce por escrito as estruturas traballadas na unidade, así como as que se repasan de cursos e/ou unidades anteriores, con axudas verbais e non verbais, respectando en todo caso a puntuación, a caligrafía e a limpeza.

2.5. ASPECTOS LÚDICOS, CULTURAI E INTERDISCIPLINARIOS

17. Entende e memoriza os cantos e as cancións, recitándoos e cantándoos de xeito medianamente comprensible.

18. Escoita e entende as historias, esforzándose por delas e representalas de xeito medianamente comprensible e esforzándose por entoar correctamente a melodía.

19. Valora e respecta a lingua inglesa e ós seus falantes, emprégaa como ferramenta de aprendizaxe de contidos doutras áreas e entende algúns datos e informacións sinxelas que se presentan nos textos interdisciplinarios (CLIL).

20. Identifica e respecta aqueles aspectos básicos da vida cotiá e da cultura Británicas e doutros países do mundo que foron traballados na unidade.

21. Esfórzase por empregar os distintos medios técnicos, soportes dixitais e espazos web que se poñen á súa disposición e trata de aproveitalos para desenrolar as súas destrezas lingüísticas, para perfeccionar a súa capacidade de aprender a aprender e para refinar a súa competencia dixital como instrumento de traballo intelectual.

3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Faremos avaliacións axeitadas a cada etapa do curso. Os instrumentos de avaliación están deseñados para calibrar os avances conseguidos, identificar as necesidades dos alumnos e darlles a oportunidade de autoavaliarse:

3.1. AVALIACIÓN FORMATIVA

- Avaliación, por parte do profesor, das actividades e tarefas da unidade realizadas polo alumnado.
- Rexistros anecdóticos, listas de control e/ou escalas de estimación plasmadas en follas de cálculo.
- Escoita e grabación, se é o caso, do canto dos chants e cancións, da lectura das historias e doutros textos.
- Actividades de autoavaliación do progress booklet.
- Creación dun Portfolio para avaliar o progreso continuo do alumno/a.
- Elaboración do storybook da historia das unidades.

3.2. AVALIACIÓN SUMATIVA

- Tests de Diagnóstico. Empregaranse os test de fin de curso, así como calquera material complementario, do

curso anterior.

- Paquete de tests das unidades de dous niveis: standard e challenge.
- Tests Trimestrais de dous niveis: standard e challenge.
- Test de fin de curso de dous niveis: standard e challenge.
- Táboas de avaliación na folla de cálculo elaborada ó efecto.

3.3. AUTOAVALIACIÓN

- Actividades de autoavaliación do progress booklet..
- Creación dun Portfolio para avaliar o progreso continuo do alumno/a.

4. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A cualificación de cada una das avaliacións do alumnado será a media das notas de cada una das unidades da avaliación correspondente.

A nota de cada unidade virá determinada pola avaliación de cada una das catro destrezas lingüísticas e dos aspectos interpretativos de cancións rimas, chants, lecturas, test complementarios, etc. .

Para facilitar o traballo citado nos apartados anteriores elaboraremos unha folla de cálculo.

4.1. THE FOUR SKILLS

As catro destrezas (apartado THE FOUR SKILLS) Listening, Reading, Speaking, Writing avalíaranse a través da realización de tests. Darase unha puntuación de 1 a 10, sendo a mínima para superar os test un 5. Reflectiranse na folla de calculo elaborada a tal efecto.

Realizarase un test por cada unha ou dúas unidades, segundo se considere oportuno en función do ritmo dos distintos grupos. Atender ó ritmo dos grupos é indispensable xa que debemos ter en conta que a realización dos tests de Speaking leva bastante tempo pois as actividades deben ser realizadas de xeito individual. Con respecto a esta destreza en concreto, investigaremos a procedencia de realizar os tests na aula abalar ou na aula de informática gravando ás distintas realizacións do alumnado en arquivos de audio que se avaliarán a posteriori.

Os tests das unidades valoraranse de forma numérica e deles extraeráse a nota dos apartados da folla de cálculo Listening (LS), Reading (RD), Speaking (SP), Writing (WR) (valoración de cada destreza por separado) ou, no seu caso, a do apartado ALL (valoración conxunta de todo o test). O valor numérico sobre dez das notas acadadas reflectirase nas casiñas LSf, RDf, SPf, WRf ou, no seu caso, ALLf.

Nestes tests tamén se avaliará a comprensión das probas do apartado 4.2. PERFORMANCE.

4.2. PERFORMANCE

Neste apartado avalíarase o grao de coñecemento e produción oral do Chant, da Story, da Song, de calquera actividade de memorización, lectura ou representación de cada una das unidades. Tamén se avaliarán calquera test complementario que se realice. Englobarase no apartado de Chant_Story_Song (CSS). A produción valorarase cuantitativamente mediante unha folla de cálculo propia elaborada a tal efecto. A comprensión avalíarase nos test da unidades correspondentes.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cada mestra/e decidirá o procedemento a seguir para que o alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible. Apoios e reforzos educativos, serían as medidas idóneas a adoptar.

6. Medidas de atención á diversidade

1. INTRODUCCIÓN

A situación de diversidade que se vén observando progresivamente na escola dende hai uns anos, reflíctese nas clases de inglés cun alumnado cada vez máis heteroxéneo e diverso. Esta situación provoca que exista unha grande diversidade de niveis nunha mesma clase e, polo tanto, o seu desenvolvemento didáctico cada vez é máis complicado e a necesidade de adaptar a programación é maior. O que nun principio pode parecer unha tarefa difícil e complexa, pode converterse nun reto persoal e profesional: motivar un alumnado diverso na aprendizaxe da lingua e cultura inglesas.

Para atender a este ámbito da programación, o noso texto proporciona actividades de reforzo e extensión que permiten dar unha atención individualizada aos alumnos segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe.

No material destinado ao profesor, Guía Didáctica e Teacher's Resource CD-ROM tamén contamos con actividades de extensión e ampliación para os alumnos así como notas para o profesor, consellos didácticos, para afrontar diferentes

expectativas do alumnado.

2. ACTIVIDADES PARA NENOS/AS CON NECESIDADES ESPECIAIS

Proporcionaremos actividades que axudarán a construír un ambiente relaxado na clase no que os nenos/as con necesidades especiais ou de orixe inmigrante se poderán integrar con máis facilidade. Moitas das actividades poderán ser adaptadas a os diferentes niveis dos alumnos.

As actividades que aparecen na Oxford Online Learning Zone tamén se poden empregar na aula como material de apoio ou de reforzo no caso de que poidamos contar co bo funcionamento dos ordenadores de cada aula.

Ademais trataremos, na medida do posible de elaborar material propio usando o material do Teacher 's Resource CD-ROM, ben para actividades en papel, ben para elaborar materiais para empregar co programa javaclie.

Para finalizar, cremos que sería moi interesante facer unha base de datos con enlaces a distintas webs nas que se poida traballar a lingua inglesa. Por suposto, sería indispensable estruturar todo este material tendo en conta o seu contido e ás idades para as que foi realizado.

3. ACTIVIDADES PARA A INTEGRACIÓN DE ALUMNOS

É importante que todos os nenos/as se integren no grupo durante as clases de inglés. Podemos usar para isto os xogos de grupo. É moi importante organizar actividades nas que todo o mundo pode participar como a de realizar as accións dos chants e as cancións, que permiten que os nenos/as con nivel de inglés máis baixo participen sen sentirse premidos, xa que todo o mundo participa. Esta actividade tamén pode ser adaptada ás necesidades dos nenos/as. Por exemplo, os nenos/as con nivel máis baixo poden participar só co baile, o que supón que participan só física, e non oralmente. Tamén poden permanecer sentados e gozar da música dicindo solo as palabras ou sinalando as flashcards.

3.1. CONTAR A HISTORIA

Unha grande vantaxe dun curso baseado en historias é que a narración é unha actividade social que se fai por pracer. Podemos explotar isto cambiando a dinámica do grupo cando contamos as historias. Podemos facelo de xeito moi sinxelo, p. ex. poñendo un sombreiro ou sentando nunha cadeira cada vez que contamos unha historia.

Mentres escoitan as historias, os nenos/as de diferentes niveis poderán seguir o ritmo de todo o grupo, xa que a actividade está estruturada arredor do cambio das story cards. Ademais os nenos/as tamén poderán beneficiarse dos aspectos non lingüísticos das historias, como efectos sonoros e xestos, e o apoio visual que supoñen as tarxetas a toda cor.

3.2. TRABALLO EN PARELLAS E GRUPOS

Hai outras técnicas que podemos utilizar para que os alumnos que necesitan apoio adicional poidan seguir a clase con facilidade, como facer que realicen actividades en parellas ou grupos. Desta forma, os alumnos axúdanse uns a outros e foméntanse a axuda e o compañeirismo na clase e os que necesitan apoio adicional non se sentirán premidos se non saben a resposta correcta.

Pódeos adaptar algunhas actividades, como a de lectura en alto e as de actuacións. Podemos facer que, por exemplo, a clase se divida en parellas, de forma que un neno con máis nivel poida axudar a outro que ten maior dificultade. Asignamos un papel a cada parella e o neno máis adiantado le en alto mentres que o outro apunta cousas ou fai os efectos sonoros.

Tamén podemos adaptar os xogos e as actividades con minitarxetas. Poremos os nenos/as en grupos de catro e faremos que xoguen dous contra dous, para que os de máis nivel poidan axudar aos seus compañeiros. Se xogan en parellas, o alumno con menos nivel pode darlle a volta á tarxeta para que o outro pronuncie a palabra. Mesmo se o primeiro alumno non pronuncia a palabra, estará a escoitar como a pronuncia o seu compañeiro, repasará o vocabulario de xeito pasivo mentres que o seu compañeiro o fai de xeito produtivo. Ademais, este xogo axuda aos nenos/as con necesidades especiais a sentirse o centro de atención, o que aumenta a súa autoestima. Ademais, con este tipo de actividades foméntase a colaboración.

Tamén podemos adaptar actividades individuais para que se fagan en grupos. Podemos facer que realicen o seu libro da historia en grupos. Podemos pedir aos nenos/as que traballen en parellas durante os xogos.

Podemos adaptar a práctica de pronunciación dividindo ós alumnos en oito grupos e dándolle a cada grupo unha das flashcards. O grupo di a palabra correspondente e pásalle a flashcard ao seguinte grupo, de forma que todo o mundo cambie de palabra. Con isto, teremos unha mellor idea da pronunciación de cada un, ao mesmo tempo que axudamos a que os nenos/as desenvolvan un sentido do ritmo e do traballo en equipo, ademais da destreza social de falar por quendas e escoitar os demais.

4. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO REPETIDOR

A repetición de curso unha medida extraordinaria que se basea na suposición de que un ano máis no curso axudará ó alumnado a superar, ou cando menos paliar, as súas dificultades de aprendizaxe para alcanzar os obxectivos previstos. Do anteriormente referido podemos presupoñer que o alumnado repetidor será quen de seguir as aprendizaxes ordinarias da aula de xeito normal polo que, nun principio, non se lle propondrán actividades distintas das do resto do alumnado.

Agora ben, no caso de que se observe que estas actividades non son suficientes para alcanzar os obxectivos

inicialmente plantexados para o curso que nos ocupa, será procedente que o alumnado realice, ó longo do curso académico, distintas actividades de apoio e/ou reforzo que lles sirvan de axuda para avanzar na súa aprendizaxe.

As tarefas que se propoñan terán en conta a situación individual de cada alumno/a e serán seleccionadas das que se relacionan no seguinte banco de actividades:

- Reinforcement and Extension Worksheets.
- Word Skills Worksheets.
- Cross-curricular Worksheets.
- 1000+ Activities for Mixed Ability.
- Fichas, dos Term Tests que se realizarán ó final de cada trimestre e que, ademáis de servir como apoio, serán útiles como ferramentas de avaliación xeral dos avances do alumnado.
- Actividades dos discos Oscar's Word Fun da editorial Oxford.
- Actividades da páxina web que a editorial Oxford ten para o alumnado: <https://elt.oup.com/student/oupeprimary/?cc=global&selLanguage=en>
- Actividades das seguintes páxinas webs especializadas na aprendizaxe da lingua inglesa:
<http://www.learningchocolate.com/>
<http://www.englishexercises.org/>
<http://www.agendaweb.org/>

5. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS CON AVALIACIÓN NEGATIVA EN CURSOS ANTERIORES

Debido á idiosincrasia propia das linguas polo que se refire á continuidade da súa aprendizaxe así como á redundancia dos contidos que se traballan ó longo da Educación Primaria, o alumnado que sexa quen de seguir sen problemas as aprendizaxes do novo curso non necesitará ningún tipo de apoi ou reforzo e, finalmente, alcanzará a avaliación final positiva do curso anterior caso de superar o que actualmente cursa.

No caso do alumnado que presente lagoas importantes para aprendizaxe da lingua inglesa que vaian dificultar a consecución dos obxectivos plantexados para o curso ou cursos que teña pendente, será procedente que realice, ó longo do curso académico, distintas actividades de apoio e/ou reforzo que lles sirvan de axuda para alcanzar una avaliación global positiva do curso ou cursos anteriores.

Como no caso do Plan de Apoio ó Alumnado Repetidor nas tarefas que se propoñan terán en conta a situación individual de cada alumno/a e serán seleccionadas das que se relacionan no seguinte banco de actividades:

1. As actividades do Activity Book e do Class Book de cursos anteriores.
2. Worksheets dos cursos anteriores: actividades de consolidación baseadas nas diferentes seccións estudadas nas unidades: as historias, vocabulario, gramática, funcións, as leccións intercurriculares. Atópanse no Teacher's Resource CD-ROM dos cursos anteriores.
3. Fichas dos Unit Tests e Term Tests dos cursos anteriores que se realizarán ó final de cada trimestre e como avaliación xeral dos avances do alumnado.
4. Actividades dos discos Oscar's Word Fun da editorial Oxford.
5. Actividades da páxina web Oxford Online Learning Zone que a editorial Oxford ten para o alumnado:
<https://elt.oup.com/student/oupeprimary/?cc=global&selLanguage=en>
6. Actividades das seguintes páxinas webs especializadas na aprendizaxe da lingua inglesa:
 ¿ <http://www.learningchocolate.com/>
 ¿ <http://www.englishexercises.org/>
 ¿ <http://www.agendaweb.org/>.

6. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Durante este curso haberá un alumno/a con adaptación curricular.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes					X		
ET.2 - Os dereitos da Infancia		X					
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.4 - Saúde e benestar		X					X
ET.5 - Produción e consumo responsabeis					X		
ET.6 - Vida de ecosistemas terrestres		X	X				
ET.7 - Traballo decente e crecemento económico				X			
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.			
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....			
Conmemoracións da escola.	Samaín, magosto, nadal, entroido, maíos, 8-M, dereitos da infancia....			
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....			

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.

Descrición:

NOTA: Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporización das unidades, coordinación entre o profesorado, pero, naturalmente, cada mestra/e debe establecer os indicadores de logro que lle permitan avaliar o seu propio proceso de ensino e práctica docente.

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un. Entre as diferentes opcións destas, cada mestra/e escollerá as que considere máis oportunas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. OBXECTO

O obxecto deste Proceso é a realización dun seguimento mensual do cumprimento das Programacións Didácticas por parte do profesorado, para a súa mellor adaptación á realidade da aula.

Por outra banda, debe permitir que exista unha uniformidade, doutra banda necesaria, nos contidos, actividades e ritmos de traballo dos distintos grupos de alumnos que cursan unha mesma materia, materia, área ou módulo.

De forma pormenorizada, o obxecto deste proceso céntrase en:

¿ Facilitar o profesorado a información necesaria para que poida avaliar o desenvolvemento da programación didáctica.

¿ Establecer as medidas correctoras que esa avaliación aconselle.

¿ Establecer mecanismos de coordinación para evitar discrepancias entre os contidos impartidos e a súa avaliación, polos distintos profesores de cada área.

¿ Axudar ao profesorado no seu labor de velar para que leve a cabo o programado e poidan poñer en coñecemento do xefe de estudos calquera incumprimento do establecido na programación.

¿ Realizar un seguimento do nivel de cumprimento das programacións.

¿ Conseguir información fiable e susceptible de comparación sobre o nivel de cumprimento das programacións didácticas.

¿ Mellorar a coherencia das conclusións da Memoria do Equipo de Nivel.

¿ Facilitar toda a información pertinente e actualizada aos posibles profesores substitutos en caso necesario.

2. CONSIDERACIÓNS

É fundamental que o cumprimento deste proceso nos leve a unha reflexión acerca das Programacións Didácticas e a unha mellora na súa adaptación á aula, así como a un esforzo por conseguir estándares de coñecemento comparables entre todos o alumnado.

3. PROCEDEMENTO

A avaliación da programación debería presentar tres momentos diferenciados:

1. O primeiro deles convídanos, tras a súa planificación e previamente ao seu desenvolvemento e aplicación en unidades ou proxectos de traballo, a testear a inclusión, idoneidade e pertinencia de todos os elementos curriculares prescriptivos (ver exemplo de ficha de avaliación da programación didáctica).

2. O segundo momento, que se realizará de xeito trimestral, alude á reorientación continua que a aplicación na aula da programación, pode achegar sobre os procesos de implementación. Instrumentos de avaliación como o caderno ou diario do profesor e o rexistro anecdótico, achegarán consideracións, xuízos, suxestións¿, que logo serán obxecto dunha máis profunda reflexión ao final do proceso evaluador. As opinións do alumnado a través das súas autoevaluacións ou as postas en común son tamén unha referencia importante para unha valoración máis participativa e compartida do proceso de ensino e aprendizaxe.

3. Por último, será ao final do proceso, tras a aplicación real da programación, cando teñamos unha perspectiva máis completa que se completará cos resultados da avaliación da aprendizaxe do alumnado.

A conxunción dos tres momentos xera información fiable e válida suficiente para emitir xuízos de valor que dean soporte á función formativa da avaliación e permitan reconducir, tomar decisións e mellorar as programacións, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

9. Outros apartados